

Promoción para a capital do Nadal galego

► O director de Galicia Calidade, Alfonso Cabaleiro, pediu crear unha marca do belén electrónico no pregón inaugural da súa 46ª edición

MARÍA ROCA

BEGONTE. «O belén de Begonte tiña no seu inicio tres características que hoxe aínda mantén e que daquela foron unha revolución», asegurou o xornalista e director de Galicia Calidade, Alfonso Cabaleiro Durán, no seu pregón, que serviu para inaugurar a cuadrexésimo sexta edición do Nadal en Begonte, no que o nacemento electrónico volve a ser o epicentro das celebracións desta época na Terra-Chá.

Cabaleiro realizou «profundamente emocionado e agradecido» a súa intervención na tradicional misa que abre os actos desta celebración declarada Festa de Interese Turístico Galego e que contou tamén coa actuación e posterior recital de panxoliñas do Orfeón Lucense.

«A primeira característica do belén de Begonte é que era electrónico, ofrecendo movemento nas figuras e efectos sonoros e de luz. A segunda, que é un belén popular, que reflicte unha aldea da Terra Chá de mediados do século XX. A terceira, que segue fiel ao espírito fundacional de José Domínguez Guizán», destacou o pregoeiro deste ano sobre un nacemento «galego, humilde e piadoso». «É o belén de Xudea sen deixar de ser galego, lucense e begontino», engadiu.

Alfonso Cabaleiro tamén falou desde o punto de vista de director de Galicia Calidade e recordou que «camiñamos cara os 50 anos» deste nacemento, os cales «coincidirán cun Ano Santo». «É algo que pode servir para crear unha marca, un feito sobranceiro que identifique o público», propuxo, ao tempo que pediu «novas accións para prolongar no tempo esa marca e que non se cinga só a

unha data» e tamén «relevos xeracionais» que axuden a traballar no belén e promocionalo.

«A promoción do belén como marca deberá tamén supor a promoción deste concello, das súas augas, natureza, igrexas, torres, restos prehistóricos e romanos ou o tramo do Camiño que pasa por el, convertido agora na capital do Nadal galego», sentenciou Cabaleiro, que non dudou en ofrecer a súa «colaboración humilde» para conseguilo.

A continuación, ofrecéronse os dous primeiros pases do nacemento electrónico, no que o público puido descubrir dúas novas

figuras, feitas por Ramiro Cruz. Nunha recrease unha malla tradicional e outra é un Labrador colaborando na extinción dun incendio, en solidariedade coa vaga de lumes que assolou Galicia no mes de outubro.

A partir de aquí, e ata o vindeiro 27 de xaneiro, cando o belén electrónico volverá pechar as súas portas, o Nadal en Begonte ofrecerá multitude de actividades culturais, entre as que destacan os certames de xornalismo, poesía e debuxo infantil, que cumpren 42 edicións, e o XXVIII Certame Galego de Arte, ademais de diversas exposicións.



No sentido das agullas do reloxo, José Ulla entrega a placa de pregoeiro a Alfonso Cabaleiro, Orfeón Lucense, asistentes á misa e público no primeiro pase do belén. M.ROCA/C.PÉREZ

